



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Inclusión educativa e práctica psicopedagóxica		Código	652511201
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Torres Santomé, Jurjo	Correo electrónico	jurjo.torres@udc.es	
Profesorado	Núñez Mayan, María Teresa Torres Santomé, Jurjo	Correo electrónico	teresa.nunez.mayan@udc.es jurjo.torres@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común	AP8		CM4
Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental, analizando criticamente a experiencia histórica de exclusión educativa, e elaborando as adaptacións do currículo que garantan unha perspectiva inclusiva da educación	AP7		
Deseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais.	AP8		
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			CM7
Aprender a aprender			BM2
Capacidade de aplicar coñecementos na práctica psicopedagóxica			BM4
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional			BM8
Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero e deseñar propostas de orientación profesional que integren esta dimensión	AP12		

Contidos	
Temas	Subtemas
Xusticia Curricular e inclusión educativa	Factores de desigualdade individual, social e cultural. Acción preventiva e educadora.
Éxito e fracaso escolar	Culturas Silenciadas A construción do éxito e do fracaso escolar A avaliación do éxito e o fracaso escolar: estándares educativos e inclusión.



A xénese da anormalidade. Máis alá dos factores psicobiolóxicos	As diferencias de capacidades. Teorías da intelixencia e prácticas psicopedagóxicas derivadas. A Avaliación das capacidades: A influencia dos factores sociais e culturais nos resultados.
Da segregación á integración educativa	Os fundamentos do traballo psicopedagóxico na Educación Especial segregada. A Integración escolar como unha crítica práctica da Educación Especial tradicional. Modelos de Atención á diversidade e práctica psicopedagóxica
A inclusión educativa como marco do traballo psicopedagóxico	Unha crítica teórico- práctica á Educación Especial Análise da atención á diversidade no sistema educativo como punto de partida para a inclusión. A orientación psicopedagóxica nunha escola inclusiva

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	C4	2	0	2
Presentación oral	A8	4	0	4
Discusión dirixida	A12 B4 C4	6	6	12
Estudo de casos	A7 B2 B4	4	5	9
Seminario	B2 B4	13.5	10	23.5
Lecturas	A8 A12 B2 C4	0	30	30
Proba de ensaio	A8 B2 B8 C7	3	27	30
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Terán por obxecto indagar sobre os coñecementos previos e a motivación do alumnado sobre a temática de cada unidade ou bloque temático.
Presentación oral	Dos conceptos chave de cada bloque temático e unidade . Da estrutura e organización dos contidos esenciais. Dos casos, informes e textos sobre os que se desenvolverá o traballo grupal e individual.
Discusión dirixida	Tomando como base as lecturas indicadas no seminario, os casos prácticos estudados ou as indagacións que o alumnado realiza sobre as temáticas previamente fixadas, levarase a cabo unha discusión dirixida que ten como fin construír unha aprendizaxe significativa na que o alumnado revise, cuestione e faga seu o coñecemento.
Estudo de casos	Ten por obxecto relacionar o coñecemento teórico e práctico sobre a problemática da inclusión educativa. Permite analizar aspectos de avaliación diagnóstica e detección, tratamento individualizado e adaptacións do curriculum tanto desde unha perspectiva individual como institucional.
Seminario	Será o núcleo principal da actividade presencial. Búscase unha participación informada do alumnado que se documentará previamente seguindo as orientación bibliográficas facilitadas.



Lecturas	As lecturas máis esenciais serán facilitadas con antelación á realización de cada sesión. O alumnado orientado pola bibliografía facilitada na materia, complementará estas lecturas coas da súa elección, utilizando bases de datos de calidade contrastada. A lectura é indispensable para propiciar unha discusión académica apropiada ao nivel do mestrado.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
	<p>Tanto nas sesións de docencia presencial como nas horas destinadas á titoría prestarase ao alumnado a atención personalizada que precise.</p> <p>A diferenza de titulacións de acceso ao mestrado, pode dar lugar a que certo alumnado requira unha atención curricular e orientación específicas en determinados temas. Facilitaráselle, nese caso, bibliografía complementaria e adaptaranse as actividades a realizar no seminario, en función das necesidades e intereses.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A8 B2 B8 C7	<p>Dado que pretendemos favorecer a capacidade de "aprender a aprender", non podemos cair na contradición dunha modalidade de avaliación incoherente coas metas que orientan este proxecto de docencia. Se pretendemos fomentar a capacidade de reflexión crítica é preciso que as estratexias e probas de avaliación que promovamos permitan comprobar até que punto se mellorou na capacidade de análise e reflexión crítica sobre as perspectivas teóricas e prácticas que estudamos durante o curso.</p> <p>Xa que logo, a avaliación terá en conta as seguintes cuestións:</p> <p>*** De maneira principal, valorara-se a participación nos debates no seio dos grupos e nos debates abertos sobre as leituras realizadas.</p> <p>** As aportacións documentais e de investigación persoal realizadas durante o seminario</p> <p>* A proba de ensaio sobre a temática abordada na materia. Este ensaio valorará especialmente a forma de argumentar de xeito coherente e coa adecuada fundamentación sobre un tema amplo, que cruza varios dos núcleos e temas desenvolvidos durante o curso. Para a realización deste ensaio pódese utilizar todo o material bibliográfico de que se dispoña e notas persoais.</p>	100

Observacións avaliación



En xeral, tanto para valorar os traballos, como a participación nos debates e o exame final terase en conta: ? a utilización do coñecemento dispoñíbel; ? a comprensión das ideas básicas desenvolvidas; ? o dominio conceptual; ? a elaboración de ideas; ? a capacidade para relacionar ideas; ? a profundidade nas análises e na súa fundamentación; ? a capacidade crítica, e ? o estilo propio e a claridade expositiva de esquemas e do seu desenvolvemento.

Dado que pretendemos favorecer a capacidade de "aprender a aprender", non podemos caer na contradición dunha modalidade de avaliación que contradiga as metas que orientan este proxecto de docencia. Se pretendemos fomentar a capacidade de reflexión crítica é preciso que as estratexias e probas de avaliación que promovamos permitan comprobar até que punto se mellorou na capacidade de análise e reflexión crítica sobre as perspectivas teóricas e prácticas que estudamos durante o curso.

Xa que logo, a avaliación constará das seguintes partes:

*** De maneira principal, valorara-se a participación nos debates no seio dos grupos e nos debates abertos sobre as lecturas realizadas.

** A cualidade dos traballos, aportacións e investigación das prácticas.

* Proba de ensaio sobre a temática abordada na materia. Este ensaio valorará especialmente a forma de argumentar de xeito coherente e coa adecuada fundamentación sobre un tema amplo, que cruza varios dos núcleos e temas desenvolvidos durante o curso. Para a realización deste ensaio pódese utilizar todo o material bibliográfico de que se dispoña e notas persoais.

En xeral, tanto para valorar os traballos, como a participación nos debates e o exame final terei en conta:

- . a utilización do coñecemento dispoñíbel;
- . a comprensión das ideas básicas desenvolvidas;
- . o dominio conceptual;
- . a elaboración de ideas;
- . a capacidade para relacionar ideas;
- . a profundidade nas análises e na súa fundamentación;
- . a capacidade crítica, e
- . o estilo propio e a claridade expositiva de esquemas e do seu desenvolvemento.



Bibliografía básica

- AINSCOW, Mel (2000). Funcionamiento de las aulas inclusivas. Madrid. Narcea
 - BARTON, Len (Comp.) (1998). Discapacidad y sociedad. Madrid. Morata - Fundación Paideia
 - DADZIE, Stella (2004). Herramientas contra el racismo en las aulas. Madrid. Morata
 - DUBET, François (2005). La escuela de las oportunidades ¿Qué es una escuela justa?. . Barcelona. Gedisa
 - FRANKLIN, Barry (1996). Interpretación de la discapacidad. . Madrid. Pomares
 - GIMENO SACRISTÁN, José (Comp.) (2010). Saberes e incertidumbres sobre el currículum. Madrid. Morata
 - MORRIS, Jenny (1996). Encuentros con desconocidas. Madrid. Narcea.
 - NÚÑEZ MAYÁN, Mª Teresa (2006). Da segregación á inclusión Educativa. Santiago. Laivento
 - SLEE, Roger (2012). Una escuela extraordinaria. Exclusión, escolarización y educación inclusiva. Madrid. Morata
 - TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2012). Justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar. Madrid. Morata, 2ª edic
 - VLACHOU, Anastasia (1999). Camino hacia una educación inclusiva. Madrid. La Muralla.
-



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - ADORNO, Theodor W. (1998). Educación para la emancipación. Madrid. Morata - APPLE, Michael W.; AU, Wayne e GANDIN, Luís A. (Comps.) (2011). Educação crítica. Análise internacional. Porto Alegre, Brasil. Artmed - APPLE, Michael W. e BEANE, James A. (Comps.) (2005). Escuelas democráticas. Madrid. Morata, 4ª ed - AYERS, William e ALEXANDER-TANNER, Ryan (2013). Enseñar, un viaje en cómic. Madrid. Morata - ARNOT, Madeleine (2009). Coeducando para una ciudadanía en igualdad. Madrid. Morata - BAUMAN, Zygmunt (2007). Los retos de la educación en la modernidad líquida.. Barcelona. Gedisa - CONNELL, R. W. (2006). Escuelas y justicia social. Madrid. Morata, 3ª ed - EPSTEIN, Debbie e JOHNSON, Richard (2000). Sexualidades e institución escolar. Madrid. Morata - Fundación Paideia - FOUCAULT, Michel (1982). Vigilar y castigar. Madrid. Siglo XXI, 3ª ed. - FRASER, Nancy (2008). Escalas de justicia. Barcelona. Herder - FRASER, Nancy e HONNETH, Axel (2006). ¿Redistribución o reconocimiento?. Un debate político-filosófico. Madrid. Morata - Fundación Paideia - FREIRE, Paulo (1993). Pedagogía de la esperanza. México. Siglo XXI - GIMENO SACRISTÁN, José (2012). En busca del sentido de la educación. Madrid. Morata - GARDNER, Howard (1993). La educación de la mente y el conocimiento de la disciplinas. Lo que todos los estudiantes deberían comprender. Barcelona. Paidós - GIMENO SACRISTÁN, José (2003). El alumno como invención. Madrid. Morata - GIROUX, Henry A (2003). La inocencia robada. Juventud, multinacionales y política cultural. Madrid. Morata - GOULD, Stephen (1981). La falsa medida del hombre. Antoni Bosch editor - GUTMANN, Amy (2001). La educación democrática: una teoría política de la educación. Barcelona. Paidós - HABERMAS, Jürgen (1999). La inclusión del otro. Estudios de teoría política. Barcelona. Paidós - KINCHELOE, Joe L. e STEINBERG, Shirley R. (1999). Repensar el multiculturalismo. Barcelona. Octaedro - KYMLICKA, Will (2009). Las odiseas multiculturales. Las nuevas políticas internacionales de la diversidad. Barcelona. Paidós - LÓPEZ SÁNCHEZ, Félix (2009). Las emociones en la educación. Madrid. Morata - LYNCH, Katherleen; BAKER, John e LYONS, Maureen (2014). Igualdad afectiva: amor, cuidado y justicia. Madrid. Morata -Fundación Paideia - MCCARTHY, Cameron (1994). Racismo y educación. Madrid. Morata -Fundación Paideia - NUSSBAUM, Martha C (2007). Las fronteras de la justicia. Consideraciones sobre la exclusión. Barcelona. Paidós - NUSSBAUM, Martha C. (2012). Crear capacidades. Propuesta para el desarrollo humano. Barcelona. Paidós - PARASKEVA, João (2006). Currículo e Multiculturalismo. Lisboa. Pedago - RUDDUCK, Jean e FLUTTER, Julia (2007). Cómo mejorar tu centro escolar dando la voz al alumnado. Madrid. Morata - SPIVAK, Gayatri Chakravorty (2009). ¿Pueden hablar los subalternos? . Barcelona. Museu d'Art Contemporari - STEINBERG, Shirley R. e KINCHELOE, Joe L. (2000). Cultura infantil y multinacionales. Madrid. Morata - STOBART, Gordon (2010). Tiempos de pruebas: Los usos y abusos de la evaluación. Madrid. Morata - TOMLINSON, Carol Ann (2005). Estrategias para trabajar con la diversidad en el aula. Barcelona. Paidós - TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2008). Multiculturalismo Anti-Racista. Porto. Profedições - WRIGLEY, Terry (2007). Escuelas para la esperanza. Una nueva agenda hacia la renovación. Madrid. Morata - ZIZEK, Slavoj (2007). En defensa de la intolerancia. Madrid. Sequitur
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías